# Programa de compostaxe doméstica

**Ano:** 2014

A compostaxe doméstica non é outra cousa que a reciclaxe en orixe da materia orgánica, converténdoa nun abono natural con excelentes propiedades para o solo e que o propio produtor pode utilizar na súa horta, xardín e terras de cultivo, en substitución dos fertilizantes artificiais.

Dado que na composición media do lixo preto do 50% está conformado por restos orgánicos, con esta técnica, ademais da obtención de compós, conséguense importantes beneficios ambientais e económicos, xa que os concellos poderán ver reducida a frecuencia de recollida do lixo convencional, así como o importe da factura que deben pagar a Sogama pola xestión e tratamento da bolsa negra. Asemade, trae consigo interesantes vantaxes sociais, xa que a poboación rural, cunha elevada taxa de envellecemento, non terá que depositar a diario os seus residuos nos colectores xenéricos, emprazados en moitos casos a grande distancia das vivendas.

**EXPERIENCIA NA MARIÑA LUCENSE**

Púxose en marcha baixo a coordinación de Sogama en febreiro do ano 2010, nas localidades de Barreiros, Alfoz, Trabada, Lourenzá e Cervo, incorporando un total de 200 fogares. Logo da distribución dos correspondentes compostadores e da realización de cursos de formación e labores de seguimento "porta a porta", a finais dese ano a Universidade de Santiago de Compostela analizouse o compós obtido, corroborando a súa alta calidade.

**RELACIÓN DE CONCELLOS ADHERIDOS AO PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA DE SOGAMA**

http://compostaconsogama.gal/sites/default/files/mapaconcellos.pdf [1]

**Source URL:** http://www.sogama.gal/gl/campanha/programa-de-compostaxe-domestica#comment-0

**Ligazóns**
[1] http://compostaconsogama.gal/sites/default/files/mapaconcellos.pdf